



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2022*

**EXPEDIENTE: 2022/A002/000003, 2022/G003/000469 e 2022//A008/000029**

Por Resolución de Alcaldía núm. 469/2022 de data 27.10.2022 acordouse realizar a convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2022 do Concello de Abegondo

#### **ANEXO 1: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ANUALIDADE 2022**

##### **1. Normativa de aplicación**

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas disposicións recollidas nesta, polas bases reguladoras das subvencións municipais comprendidas na base 44 de execución do Orzamento Xeral 2022, que foi aprobado inicialmente na sesión celebrada polo Pleno deste concello o día 30 de maio de 2022, publicado para exposición pública no Boletín Oficial da Provincia núm. 106, do 6 de xuño de 2022. Tamén se rexerá polo estipulado no BOP núm. 102, de martes 31 de maio de 2022: Axudas a Orquestras do programa PEL.

Así mesmo, réxese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

##### **2. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención**

É obxecto das presentes bases regular a concesión mediante concorrencia competitiva, de axudas ás Entidades sen ánimo de lucro ( deportivas, veciñais, culturais, educativas, ANPAS, clubs deportivos, etc..) rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Abegondo e ás comisións de festas organizadoras de festas nas parroquias do municipio, nas seguintes modalidades:

- Para actividades realizadas e adquisición de equipamentos realizados polas entidades no exercicio 2022 e que segundo os seus estatutos lles son propios.
- Celebración de festas patronais. Enténdense como tales as celebracións do día do patrón da parroquia.
- Celebración de Festas Patronais PEL- Concellos: cumprindo os requisitos estipulados nas bases reguladoras do PEL- Concellos \_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas, do Plan de Emprego Local, anualidade 2022 ( BOP núm. 102, de martes 31 de maio de 2022: Axudas a Orquestras do programa PEL).

Ademais neste programa no referente a entidades ou clubs deportivos sen ánimo de lucro vai dirixido á realización de actividades conducentes á mellora da condición física, á ocupación activa do tempo de lecer, ó deporte de carácter afeccionado ou popular e á participación en competicións deportivas que non sexan federadas. - A promoción social da práctica e dos valores deportivos que se realice mediante a organización de actividades de formación, difusión e divulgación do deporte e dos valores deportivos. Poderán consistir en charlas, talleres, cursos, organización de simposios e xornadas de debate. - A organización de competicións deportivas federadas ou non federadas. así como para a adquisición de equipamentos por parte destas entidades no exercicio 2022 e que segundo os seus estatutos lles sexan propios.

##### **3. Créditos orzamentarios**

As subvencións que se concedan con cargo á presente convocatoria seranlles imputadas aos créditos previstos nas seguintes partidas:

- Subvencións Entidades sen ánimo de lucro: aplicación orzamentaria 334.48002 cunha dotación total de 10.000 €
- Subvencións para festas patronais: aplicación orzamentaria 338.48001 cunha dotación total de 5.700 €
- Subvencións para Festas Patronais PEL- Concellos: Axudas ao sector das orquestras e verbenas, do Plan de Emprego Local, anualidade 2022, concedido ao Concello de Abegondo, por Resolución núm. 2022/32445 do 19 de xullo de 2022, cunha dotación total de 7.000 €.

#### 4. Órgano competente

O órgano colexiado para os efectos do artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será a Comisión Avaliadora.

O órgano competente para a concesión das subvencións é o alcalde-presidente ou órgano no que delegue.

#### 5. Requisitos dos solicitantes para solicitar a subvención

Serán requisitos da entidade para participar na presente convocatoria os seguintes:

a. Actividades e equipamentos das Entidades sen ánimo de lucro:

Carecer de ánimo de lucro.

Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, cun ano de antigüidade como mínimo no momento da petición da axuda .

Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo ou desenvolver actividades de interese para o Concello.

Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non ter solicitado ningunha outra subvención ao Concello de Abegondo para o mesmo fin.

b. Celebración de Festas Patronais para Comisións de Festas/ Entidades sen ánimo de lucro:

Os solicitantes só poderán optar a unha das liñas de axuda de Comisións de Festas para Festas patronais, sendo as dúas modalidades as seguintes:

b.1. Celebración de Festas Patronais:

- Carecer de ánimo de lucro.

- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo.

- Ter concedido o correspondente permiso do Concello de Abegondo para realizar as festas patronais.

b.2. Festas Patronais PEL- Concellos: cumprindo os requisitos estipulados nas bases reguladoras do PEL- Concellos \_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas, do Plan de Emprego Local, anualidade 2022 ( BOP núm. 102, de martes 31 de maio de 2022: Axudas a Orquestras do programa PEL:

Requisitos das Comisións de Festas que soliciten as ditas axudas:

Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal ( CIF/NIF).

Carecer de fins de lucro.

Desenvolver as súas actividades nun concello da provincia de menos de 50.000 habitantes.

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.

Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.

Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Requisitos das orquestras que se van contratar

Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.

Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.

Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alo menos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical

Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

Exclusións:

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos da actividades ( web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspectos vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outra linguas.

## 6. Condicións

a. Cada Entidade só poderá realizar unha solicitude de subvención das reguladas na presente convocatoria ademais das previstas para festas patronais.

b. No caso de solicitude para Festas Patronais, só se poderá realizar unha solicitude de subvención, das dúas modalidades existentes nas presentes bases.

O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.

c. O importe total da subvención solicitada non poderá superar o 80 % do gasto previsto.

No caso de axudas Pel-Concellos, de acordo do estipulado nas bases de execución, o límite de axuda poderá ser o importe das facturas de orquestras que contraten e xustifiquen. A contía destinada a estas axudas repartirase equitativamente entre os beneficiarios que cumpran os requisitos e resulten concesionarios das mesmas.

d. Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

e. Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

f. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda da subvención concedida.

## 7. Documentación

a. Actividades e equipamento das Entidades sen ánimo de lucro (anexos I, II, III e IV) :

Deberá presentarse a solicitude debidamente cuberta nos modelos oficiais establecidos na convocatoria e que incluírán:

Memoria explicativa da actividade que se vai subvencionar, data de realización da actividade, importe da subvención solicitada, número aproximado de persoas que se benefician da axuda e número de asociados en activo, ...

Emprego ou non da lingua galega na actividade da Entidade.

Número de inscrición da asociación no Rexistro de Asociacións do Concello de Abegondo.

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.

Certificación bancaria do número de conta a nome da Entidade.

b. Festas patronais:

Se o solicitante está constituído como asociación deberá presentar a solicitude nos modelos normalizados ( anexos I, II, III e IV) e que incluírán:

- Nome das festas patronais, datas de celebración e programa das festas.
- Detalle do orzamento estimativo dos gastos.
- Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..
- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo (anexo II)
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación

Se o solicitante é unha comisión de festas, deberá presentar a solicitude nos modelos normalizados ( anexos I, II, III-B e IV-B) e que incluírán:

- Nome das festas patronais, datas de celebración e programa das festas.
- Detalle do orzamento estimativo dos gastos.
- Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Escrito suscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención.
- Certificado da conta bancaria a nome do representante da comisión designado para o cobro da subvención.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá a obriga de achegar:

- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (si debe facer constar no modelo de solicitude os datos da conta bancaria)

#### **8. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

a. As solicitudes formuladas polas persoas xurídicas deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>, no Rexistro Electrónico Común <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, ou nos lugares de presentación que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do extracto da convocatoria de subvencións da Base Nacional de Subvencións.

b. Se a solicitude non comprendese algúns dos puntos previstos nos apartados anteriores, requiriráselle por escrito ao solicitante para que emende os defectos observados no prazo máximo de 10 días, quedando apercebido de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **9. Resolución**

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía logo da proposta da Comisión Avaliadora, no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

No caso de axudas Pel-Concellos a concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo do estipulado nas bases de execución, a Resolución da Alcaldía, logo da proposta da Comisión Avaliadora, no prazo máximo de un mes desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

a. A Comisión Avaliadora estará composta por:

Comisión avaliadora para as solicitudes das Entidades sen ánimo de lucro ( veciñais, culturais, educativas, ANPAS, etc..) :

Presidente: José Antonio Santiso Miramontes ou concelleiro/a no/a que delegue

Vogal: Francisca Bestilleiro Roel

Vogal: María del Mar Carro López

Vogal: María Beatriz Fernández Vázquez

Secretario: José Antonio Varela Doval

Comisión avaliadora para as solicitudes de clubs deportivos e Entidades sen ánimo de lucro deportivas:

Presidente: José Antonio Santiso Miramontes ou concelleiro/a no/a que delegue

Vogal: Luis Constante Freire Pérez de Juan

Vogal: María Isabel Rodríguez López

Vogal: Daniel Miguel González Fernández

Secretario: José Antonio Varela Doval

Comisión avaliadora para as Festas patronais:

Presidente: José Antonio Santiso Miramontes ou concelleiro/a no/a que delegue

Vogal: Francisca Bestilleiro Roel

Vogal: Luis Constante Freire Pérez de Juan

Vogal: María del Mar Carro López

Vogal: María Beatriz Fernández Vázquez

Secretario: José Antonio Varela Doval

b. Valoración das solicitudes

**Actividades e equipamento das Entidades de tipo veciñal, cultural, recreativo, educativo, Anpas,...**

Atenderase aos seguintes criterios:

Número de socios/as: ata 3 puntos

Interese municipal das actividades: ata 10 puntos

Realización de actividades educativas, de formación e/ou dinamización veciñal: ata 5 puntos

Emprego da lingua galega: 2 puntos

**Actividades e equipamento de clubs deportivos e Entidades sen ánimo de lucro deportivas. Atenderase aos seguintes criterios:**

Número de socios/as: ata 3 puntos

Interese municipal das actividades: ata 10 puntos

Categoría deportiva na que se desenvolve a actividade deportiva e recoñecementos e/ou premios deportivos obtidos pola entidade durante a anualidade: ata 5 puntos

Emprego da lingua galega: 2 puntos

**Festas patronais**

As solicitudes de festas que reúnan os requisitos percibirán unha subvención de importe ata 300 €.

Pel-Concellos: O Concello repartirá equitativamente o presuposto dispoñible entre todas as solicitudes concedidas nesta modalidade, non podendo sobrepasar en ningún caso o importe da orquestra contratada e xustificada.

c. Notificación/Publicación: unha vez resolta a convocatoria será notificada a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá as notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015.

d. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán presentarse os recursos que procedan.

#### **10. Xustificación e pago**

a. O prazo para a presentación da documentación xustificativa estará aberto ata o 15 de decembro de 2022.

b. Os gastos xustificativos da subvención deben axustarse ás actividades solicitadas.

c. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade subvencionada.

d. A cantidade concedida non poderá ser superior ao 80% da cantidade xustificada.

No caso de axudas Pel-Concellos, de acordo do estipulado nas bases de execución, o límite de axuda poderá ser o importe das facturas de orquestras que contraten e xustifiquen. A contía destinada a estas axudas repartirase equitativamente entre os beneficiarios que cumpran os requisitos e resulten concesionarios das mesmas.

e. Se o importe da cantidade xustificada é inferior á cantidade que corresponda aplicando esta porcentaxe, a axuda reducirase proporcionalmente.

f. Documentación que debe presentar segundo os modelos normalizados:

1. Certificación na que se acredite que os gastos xustificadas se realizaron nas actividades subvencionadas.
2. Certificación na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.
3. Certificación coa relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe. Nos pagos de a partir de 1.000 euros deberase xuntar tamén xustificante bancario do pago da factura.
4. Facturas emitidas á entidade ou documentos equivalentes correspondentes cos gastos realizados e xustificadas.

Festas patronais:

No caso de que o solicitante estea constituído como asociación seralle de aplicación o exposto para estas.

No caso de que o solicitante non estea inscrito como asociación:

- Declaración xurada do representante na que se acredite que o gasto reflectido nestas se dedicou á actividade obxecto da subvención.
- Declaración xurada na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.
- Declaración cos relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe. Nos pagos de a partir de 1.000 euros deberase xuntar tamén xustificante bancario do pago da factura.
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas a nome do representante da comisión ou documentos equivalentes.

No caso de solicitudes PEL-Concellos, ademais desta documentación, terán que presentar:

- Memoria descritiva das festas patronais.
- Facturas ou documentos xustificativos das actuacións das orquestras. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

O pago realizarase no prazo máximo dun mes desde a aprobación da xustificación.

#### **11. Fin da vía administrativa**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

#### **Disposición adicional**

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

O que asino aos efectos oportunos.

Abegondo, 28 de outubro de 2022

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2022/6774